

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO 27 DE XULLO DO 2020

No Salón de Plenos da Casa do Concello de Monforte de Lemos, o día vinte e sete de xullo do dous mil vinte, reúnense os membros do Pleno da Corporación co obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para dito día ás vinte horas, dando comezo ás vinte horas e cinco minutos.

Preside o Sr. Alcalde: D. José Tomé Roca (Grupo Socialista).

Asisten:

Sres/as. Concelleiros/as:

Grupo municipal Socialista: Dna. Gloria M^a Prada Rodriguez, D. Iban Torres Rodríguez, Dna. Pilar Espinosa Novelle, D. José Luis Losada Fernández, Dna. Marina M^a Douton Rajo, D. José Manuel Mougán Sobredo, Dna Regina López Arias, D. Guillermo Díaz Aira, Dna. Margarita López Rodríguez e D. Miguel Tomé López.

Grupo Municipal do Partido Popular: Dna. Katherinie Varela Fernández, D. Manuel Rodríguez Martínez.

Grupo Mixto:

Bloque Nacionalista Galego: D. Emilio José Sánchez Iglesias

Esperta Monforte: Dna. M^a Isabel García Díaz.

Interventor: D. Manuel Vázquez Fernández.

Secretario: D. José Antonio Mourelle Cillero, que dá fe do acto.

Non asisten os concelleiros D. Roberto Eireos Saez e D. Victor Manuel Rodríguez López.

O Sr. Alcalde abre a sesión e dispón que se proceda a tratar os asuntos da orde do día.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES CORRESPONDENTES ÁS DE 19 DE XUÑO, 29 DE XUÑO E 6 DE XULLO DO 2020.

Non hai ningunha observación respecto aos borradores remitidos coa convocatoria. Sometido a votación do Pleno, por unanimidade, acorda aprobar as actas das sesións de 19 de xuño, 29 de xuño e 6 de xullo do 2020.

2º.-DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (art. 42.1 do ROF). Datos das Resolucións das que se da conta: do 23.06.2020 ao 21.07.2020.

O Sr. Alcalde, cumprindo co disposto polo artigo 42 do ROF, da conta de Resolucións adoptadas no período comprendido entre o 23 de xuño de 2020 ata o 21 de xullo do 2020.

PARTE RESOLUTIVA

3º.-TOMA DE POSESIÓN DO CONCELLEIRO DON JAIME GERMÁN VÁZQUEZ PÉREZ.

Intervén o Sr. Alcalde dándolle a benvida a esta Corporación.

De seguido por parte do novo Concello a efectos de toma de posesión como Concelleiro debe prestar xuramento ou promesa segundo a fórmula prevista no Real Decreto 707/1979, que para este acto concrétase da seguinte forma:

“Xuro/prometo pola miña conciencia e honra cumprir fielmente as obrigas do cargo de Concelleiro/Concelleira do Concello de Monforte de Lemos, con lealdade ao Rei, e gardar e facer gardar a Constitución como norma fundamental do Estado”.

4º.-RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS E APROBACIÓN DEFINITIVA DO REGULAMENTO DA AGRUPACIÓN MUNICIPAL DE VOLUNTARIOS DE PROTECCIÓN CIVIL.

O ditame é favorable á proposta da alcaldía, con cinco votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal socialista e tres abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal do PP e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (BNG) Grupo Mixto, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta de alcaldía :

“Examinado o informe da Secretaría Xeral, desta data, do tenor literal seguinte:

“ANTECEDENTES:

1º.-Aprobación de consulta previa aprobación por acordo do Pleno de Monforte de Lemos, con data 24.02.2020.

2º.-Aprobación inicial do Regulamento por acordo do Pleno de data 24.04.2020.

3º.-Información pública, mediante publicación por un prazo de 30 días no Boletín Oficial da Provincia de data 05.05.2020 núm. 101.

4º.-Alegacións presentadas:

SECRETARIA

- a) *Alegación presentada con data 08.07.2020 por D. César Jesús Martínez Rodríguez, en representación da Agrupación de Voluntarios de Protección Civil do Concello de Monforte de Lemos.*
- b) *Alegación presentada por dona Isabel García Díaz con data 15.06.2020 en representación ESPERTA MONFORTE! pertencente ao Grupo Mixto do Concello de Monforte de Lemos.*

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

- A) *ALEGACIÓN DE D. CESAR JESÚS MARTÍNEZ RODRÍGUEZ en representación da Agrupación de voluntarios de Protección Civil do Concello Monforte de Lemos.*
Sobre o contido da citada alegación procede informar:

-Sobre a competencia municipal para a aprobación do regulamento é preciso aclarar que o art. 25 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local dispón que no seu artigo 25.2 que:

"2. El Municipio ejercerá en todo caso como competencias propias, en los términos de la legislación del Estado y de las Comunidades Autónomas, en las siguientes materias:

.....

- *Por outra banda o artigo 4.1.a) da LBRL dispón que lle corresponde ao municipio, na súa calidade de administración pública de carácter territorial:*

a) a potestade regulamentaria é de autorganización.

-Polo que se refire ao órgano competente o art. 22 da LBRL establece que lle corresponde ao Pleno:

b) a aprobación do regulamento orgánico e das ordenanzas.

- *A Lei 5/2007, de 7 de maio, de Emerxencias de Galicia (en adiante LEG) recolle, no seu art. 17, as competencias dos municipios en materia de protección civil.*

-O artigo 27 da LEG, recolle no seu art. 20, que é de responsabilidade pública en materia de protección civil:

- c) *os municipios e entidades locais supramunicipais, no seu caso, a prestación dos Servizos de protección civil e a actuación inicialante calquera situación de emerxencia que se detecte, coas previsións do art. 33.1.1 da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia.*

SECRETARIA

-Polo que se refire ao concluído do regulamento e a súa estrutura, poñer de manifesto que o texto utilizado é o modelo tipo facilitado pola Dirección Xeral de Emerxencias da Xunta de Galicia, coas precisas adaptacións as singularidades do Concello de Monforte.

B) ALEGACIÓN DE DONA ISABEL GARCÍA DÍAZ, EN REPRESENTACIÓN DE ESPERTA MONFORTE!

- En relación coa citada alegación na que se fai referencia a aspectos procedimentais sobre a regulación realizada a á aplicación do disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, en concreto, sobre a procedencia da aprobación dun Plan Normativo e a necesidade, ou non, da consulta previa, procede remitirse ao informe que sobre a cuestión foi emitido, por esta Secretaría Xeral, con data 14.02.2020, no que me ratifico en todos os seus extremos.

-Con respecto ao contido do regulamento, reiterar, que o contido e estrutura do mesmo tomou como base o modelo tipo remitido ao Concello de Monforte pola Dirección Xeral de Emerxencias, coas adaptacións necesarias para o Concello de Monforte. “

Polo que vai dito, e en base ao informe da Secretaría Xeral anteriormente transcrito, propónse que o Pleno do Concello adopte o seguintes ACORDOS:

Primeiro.- Desestimar as alegacións presentadas, na fase de exposición pública do Regulamento Municipal de Voluntarios de Protección Civil, por D^a Isabel García Díaz, en representación de Esperta Monforte! E por D. Cesar Jesús Martínez Rodríguez, en representación da asociación de Voluntarios de Protección Civil de Monforte.

Segundo.- Proceder a aprobación definitiva do Regulamento Municipal de Voluntarios de Protección Civil.

Terceiro.- Proceder á publicación do texto íntegro do Regulamento no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, que entrará en vigor unha vez transcurrido o prazo de quince días, a partir da súa publicación no BOP, de acordo co disposto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril.”

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sánchez Iglesias dando a benvida ao compañeiro Germán. No tema deste punto das alegacións di que é certo que protección civil non funciona como funciona noutros sitios, o que se debe de poñer en valor ese

SECRETARIA

voluntariado para beneficiar á veciñanza. Di que as propias alegacións, a do presidente de voluntarios, esa alegación ás veces incluso se chega a contradicir, no punto primeiro, o resto dos puntos non terían efecto ningún é contradicción. Pide ao amparo do artigo correspondente da lei de bases de réxime Local, solicitar que quede riba da mesa, porque non ve a urxencia, precisase información, o informe acción da Secretaría, fala da lei 5/2007 de Emerxencias de Galicia . Di que non está claramente definida, nin é interpretable, solicita que quede riba da mesa, porque cren que protección civil debe facer unha función, que se dirima cales son as competencias de cada quén.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dicindo que en principio non lle chegou a documentación entón non ten nada que dicir.

Intervén o Sr. Alcalde dicíndolle a D. Germán que nese momento Esperta Monforte non tiña ningunha representación ata este momento.

Intervén D^a Katherinie Varela manifestando que se puxo en contacto coa asociación que está agora. Di que lle quedan dúbidas, eles consideran que co regulamento pretenden regular unha asociación que xa existe. Pregunta si este regulamento vai regular esa asociación de carácter privado ou vai regular outro tipo de asociación ou se vai convenir con esa asociación. Nas alegacións preguntan os requisitos para acceder, o presuposto que se lles vai asignar, que non se lle esixa requisitos de permanencia, no informe non se contesta a todas as alegacións. Unha vez que vostedes podan aclarar un pouco máis como vai ser esa asociación, verán a decisión que toman.

Intervén o Sr. Alcalde dicíndolle a D. Emilio que facer equilibrios é complicado, di que non van apoiar a iniciativa de deixar riba da mesa. Unha asociación municipal ou é municipal ou non é municipal. Esta asociación que hai, constituíuse polo Concello xa fai anos, no ano 95, constituíuna o Concello, é municipal, se din outra cousa é que están intentando enmarañar. O Concello aprobou un regulamento publicado, onde claramente está onde se vai facer todo o procedemento. Fala dunha adecuación do regulamento antigo ás novas normativas despois do ano 95. Foi constituída polo Concello, non é privada, é municipal. Iso de que non se contan con eles, di que cando ían preparar as cuestións de seguridade do San Mateo e reunidos na sala de Xuntas, a Garda Civil, a Policía Municipal, Policía Nacional, os de cidadanía do Concello, cando se estaba falando que ía facer cada quén o que estaba presente de protección civil, dixeron que ían por libre, entón naquel momento o Secretario lles dixo que entón non facían nada naquela reunión. Non se contou con eles porque eles non quixeron, é máis cando se quería solicitar algún elemento poñían trabas. Fala das axudas da Xunta para protección civil. Di que

SECRETARIA

digán que non se contan con eles, mendigar en representación do Concello non mendigan, o Concello hai que respectalo. Cando veu gravarse Master Chef na adega de Regina Viarum persoas de protección de civil do Concello Monforte estaban facendo traballo na entrada de Regina Viarum no Concello de Sober. Que se diga o que se queira, vanse resolver estas alegacións, publicarase o regulamento e se aplicará.

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que era unha cousa que non corría moita présa. Con respecto, falou da agrupación de voluntarios de protección civil de Monforte. No informe de Secretaría se nos remite a un artigo que non especifica as competencias municipais. Di que hai cousas que pode chegar a compartilas. A administración pública ten que dar o primeiro paso para que as cousas funcionen. Solicitar deixar riba da mesa para aclarar esas competencias.

Intervén D^a Katherinie Varela dicindo que necesitan que se aclarese a postura do Concello. Fala de que eles amosan o seu malestar. Di que vanse abster. Espera que no futuro se poda traballar en conxunto sen necesidade de controversia.

Intervén o Sr. Alcalde asegurando non queren ningunha controversia, eles esperan que haxa colaboración de todo tipo.

Sométese o asunto a votación:

En primeiro lugar vótase a proposta de D. Emilio José Sánchez de deixa riba da mesa o expediente, quedando rexeitado con once votos en contra dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dous votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Mixto e dúas abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular.

En segundo lugar vótase o primeiro punto da proposta da alcaldía, resultando aprobado por maioría con once votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal Socialista e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular e do Grupo Mixto.

En terceiro lugar vótase o punto segundo da proposta da alcaldía, resultando aprobado por maioría con once votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal Socialista e catro abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular e do Grupo Mixto.

5º.-RESOLUCIÓN DA ALEGACIÓN PRESENTADA NO EXPEDIENTE DE APROBACION DO PROXECTO DO “PARQUE NA ZONA HOSPITAL”.

SECRETARIA

O ditame é favorable á proposta da alcaldía, con cinco votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal socialista e tres abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal do PP e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (BNG) Grupo Mixto, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta de alcaldía :

Examinado o informe da Secretaría Xeral, desta data, do tenor literal seguinte:

“1º.-Por acordo do Pleno da Corporación, de data 30 de setembro do 2019, acordouse a aprobación do “Plan de Obras que se pretenden realizar na parcela de referencia catastral 1697007PH2019N0001AT na Ronda Emilia Casas Baamonde”.

2º.-Con base en dito acordo, procedeuse á exposición pública no Boletín Oficial Provincia núm. 101, de 5 de maio do 2020, por un prazo de vinte días hábiles para a presentación de alegacións.

3º.- O Pleno do Concello de Monforte de Lemos, con data 24 de febreiro de febreiro de 2020, adoptou o acordo:

“PRIMEIRO.- Aprobar o proxecto de obras denominado “PARQUE DO BARRIO DO HOSPITAL “ elaborado polo Enxeñeiro Técnico Forestal don José Mariño Méndez o que implica a DECLARACIÓN DE UTILIDADE PÚBLICA e da NECESIDADE DA OCUPACIÓN, de acordo co disposto no acordo do Pleno de data 30 de setembro de 2019, ao abeiro dos artigos 10 e 17 da Lei de Expropiación Forzosa.

SEGUNDO.- Someter o devandito proxecto ó trámite de información pública por un período mínimo de vinte días hábiles mediante a publicación de anuncios no BOP, para os efectos de presentación de alegacións. De non formularse reclamacións en tempo hábil, esta aprobación será elevada a definitiva sen máis trámite, segundo o disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

TERCEIRO.- Á vista da documentación obrante no expediente, SOLICITAR DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO, A TRAMITACIÓN URXENTE DO EXPEDIENTE DE EXPROPIACIÓN FORZOSA dos bens e dereitos que resulten afectados pola execución deste proxecto, solicitando a urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios ao órgano autonómico competente. Neste expediente expropiatorio este Concello asume a posición de BENEFICIARIO asumindo as cantidades íntegras que correspondan ó total da expropiación. “

4º.- A aprobación de dito proxecto foi exposta ao público, mediante publicación no B.O.P. de Lugo de data 05.05.2020.

3º.-No trámite de exposición pública presentáronse as seguintes alegacións:

GAS MONFORTE SL

Con base no anteriormente exposto procede informar:

ALEGACIÓN DE GAS MONFORTE S.L.

1º.- A alegación establece que "no siendo firmes, por consiguiente, los acuerdos de que tal proyecto trae causa, no procede someterlo a información pública", baseando dita alegación no feito de que os acordos adoptados polo Pleno do Concello de Monforte de Lemos, en data 30 de setembro do 2019 e 24 de febreiro do 2020, foron recurridos polo alegante ante a xurisdicción contencioso-administrativa."

Ante tal afirmación, procede realizar as seguintes consideracións:

- a) O artigo 39.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que "los actos de las Administraciones Públicas sujetos al Derecho Administrativo se presumirán válidos y producirán efectos desde la fecha en que se dicten, salvo que en ellos se disponga otra cosa".*
- b) Non consta no expediente a suspensión do acto, ben na vía administrativa ou na vía contencioso-administrativa, de acordo co disposto no artigo 117 do citado texto legal.*

2º.-O acordo adoptado con data 30 de setembro do 2019, dispoñía, na súa parte dispositiva:

"Primeiro.- Proceder á aprobación do Plan das obras que se pretenden realizar na parcela de referencia catastral 1697007PH2019N0001AT, situada en Ronda M^a Emilia Casas Baamonde, colindando polo seu lindeiro sur coa parcela do Hospital Comarcal desta cidade.

.../...

SEGUNDO.- A aprobación do Plan de actuación na parcela de referencia catastral 1697007PH2019N0001AT, de acordo co disposto no artigo 10 da Lei de 16 de decembro de 1954, de Expropiación Forzosa, a utilidade pública enténdese implícita, en relación coa expropiación do inmovible que nos ocupa".

Polo tanto, nese acordo, non se aprobou o proxecto de obras, en sí mesmo, se non que polo contrario o que se fixo foi a aprobación do "Plan de Obras", co obxecto de servir de base para a declaración de utilidade pública de actuación, todo elo a efectos do cumprimento do disposto no artigo 9 da Lei de 16 de decembro de 1954, de

expropiación forzosa e no artigo 10 do Real Decreto de 26 de abril de 1957, polo que se aproba o Regulamento de Lei de Expropiación Forzosa.

2º.-Unha vez sentado o anterior, o acordo de Pleno no que se se aproba o proxecto, e que se somete a información pública, é o de data 24 de febreiro do 2020.

Polo que respecta alegación sobre á imposibilidade de obter información do contido do proxecto, por parte da recurrente, é preciso poñer de manifesto que, despois de diversas consultas verbais feitas pola representación da entidade interesada, o expediente foi remitido por vía e-mail, o 30 de xuño de 2020, unha vez levantada a suspensión de cómputo de prazos administrativos ordenada polo Real decreto lei 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19. Dita remisión do proxecto ao interesado foi realizada con base na solicitude feita, vía correo electrónico con data 30 de xuño do 2020.

Na alegación non se fai referencia algunha ao contido do proxecto, que é o trámite no que nos atopamos. Pola contra fanse unha serie de alegacións sobre competencias municipais e autonómicas que son improcedentes, no trámite en que nos atopamos. "

Polo que vai dito, e en base ao informe da Secretaría Xeral anteriormente transcrito, propónse que o Pleno do Concello adopte o seguintes ACORDOS:

Primeiro.-Desestimar a alegación presentada por Gas Monforte SL referente a aprobación inicial do proxecto do Parque do Hospital, realizada por acordo do Pleno de data 24.02.2020.

Segundo.-Proceder á aprobación definitiva do proxecto do Parque do Hospital.

Terceiro.-Remisión do expediente á Deputación Provincial de Lugo."

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que van votar a favor de desestimar esta alegación porque cren que o parque que se pretende facer é algo necesario e importante para a cidadanía do barrio e unha das formas de estar en contra, esta alegación é dunha empresa para construír unha gasoleira na zona do hospital e é un esperpento. Di que están en contra que se constrúa aí unha gasoleira.

Intervén D^a Katherinie Varela manifesta a súa abstención. Di que lles parece moi precipitado, o de interese xeral non lles parece moi fundamentado. Di que todavía son cousas que non teñen unha información moi concisa, prefiren absterse, sinalando que a creación das prazas na zona do hospital si é necesaria.

SECRETARIA

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que lle agradece a D. Emilio o seu xesto. Sinala que nesa parcela pretendían facer rascacielos, pero o que non sabían é que era rústico, polo tanto non se podía edificar, pero esperaban que se recalificara, o que sería unha anomalía construír tres torres diante do hospital. Tampouco nunca houbo unha relación directa do Concello desa empresa, nunca se dirixiron directamente ao Concello. Fala do compromiso da alcaldía coas familias da zona, e de promover un parque público alí, pero a maiores diso tamén dixeron da necesidade de prazas de aparcamento para o hospital en torno a 60 prazas. Relacionar unha gasoleira con outra son solares diferentes, son empresas diferentes, onde nun caso conta o que se está facendo cos informes sectoriais favorables, neste outro caso non había nada diso soamente rumores. Esta é unha zona de interese público para ter unha zona de espacemento, iso é todo non vai máis alá, non debería haber ningunha dúbida en canto ao interese xeral está claro.

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que o interese xeral é evidentemente o interese dos veciños, alegrase que protexa o urbanismo desa zona, e solicita que o faga noutras zonas.

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría a proposta da alcaldía con doce votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (Grupo Mixto) e tres abstencións dos concelleiros do Grupo Municipal Popular e D. Jaime Germán Vázquez Pérez (Grupo Mixto).

6º.-RESOLUCIÓN DESESTIMATORIA DO RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POR FCC AQUALIA S.A. CONTRA O ACORDO DO PLENO DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS, DE DATA 24 DE FEBREIRO DE 2020. DENEGACIÓN DA SOLICITUDE DE SUSPENSIÓN DE EFICACIA DO ACTO ADMINISTRATIVO.

O ditame é favorable á proposta da alcaldía, con seis votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal socialista e tres abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal do PP e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (BNG) Grupo Mixto, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese a proposta da alcaldía:

“Visto informe da secretaría Xeral, desta data do tenor literal seguinte:

1º.- Con data 30 de xuño de 2020 CARLOS ÁLVAREZ DE GABRIEL, actuando en nome e representación da Entidade FCC FCC AQUALIA S.A, S.A, concesionaria da xestión integral do servizo municipal de abastecemento de auga e saneamiento de Monforte de Lemos, presenta recurso contra

o acordo do pleno do Concello de Monforte de Lemos, adoptado na sesión celebrada con data 24 de febrero de 2020 que, na súa parte dispositiva dispón:

1º.- Requirir a FCC FCC AQUALIA S.A S.A., Concesionaria do servizo municipal de abastecemento de auga e saneamento, o importe pendente de executar das abrigas de investimentos contractuais, resultantes do contrato e da oferta para ser executadas nos anos 2001 a 2003, mais o xuro legal do diñeiro que resulta de aplicación, polo que a cantidade que se reclama ascende a:

Investimento pendente	2.221.980,36
Total de xuros por demora	1.496.242,64 €
SUMA TOTAL	3.718.223,00

SEGUNDO: Para a execución concreta de investimentos pola cantidade reclamada, especialmente o que poida modificar o expresamente previsto no contrato e na oferta que deu lugar a este acordo é competente o Pleno Municipal, como órgano de contratación e a isto debe aterse a empresa”

O recurso que se presenta baséase nas seguintes consideracións:

1º.- O os apartados contidos do acordo “no se entienden y son contradictorios entre si”. Nada mais lonxe da realidade, non existe contradicción algunha entre ditos puntos, xa que no primeiro cuantifícase a debéda de FCC AQUALIA S.A co Concello de Monforte de lemos e, no punto segundo establécense as inversións que terán que realizarse con base en dita deuda.

2º.- “Que en fecha 14 de marzo de 2020, se procedió por parte del Gobierno de España a decretar el “estado de alarma” en todo el territorio nacional, mediante Real Decreto 436/2020, cuya Disposición Adicional Tercera, vino a establecer la inmediata suspensión de los plazos y términos administrativos, suspensión que impidió a mi representada poder proceder a la interposición de recurso contra los mismos y que se ha mantenido en vigor hasta el pasado día 1 de junio de 2020”. Non é certa tal afirmación xa que o que supuxo o citado Real Decreto-Lei foi unha suspensión dos prazos, en garantía do interesado, pero nada lle impedía a FCC AQUALIA S.A ter presentado o seu recurso en ditos prazos.

3º.- En relación coa fundamentación que que o escrito “fue absolutamente ignorado” referido ó que presentou FCC AQUALIA S.A no que solicitaba que: “se pusiera a disposición de la misma el expediente administrativo; ii) se tuviera por anunciada la intención de ésta de interponer recurso contra los actos notificados (en tiempo y forma y una vez levantada la suspensión recogida en el RD 463/ 2020); iii) se suspendiera provisionalmente la ejecutividad del acuerdo (con dos puntos) adoptado, en tanto no se pudiera proceder a la interposición de reposición y trascurriera el plazo al efecto

É preciso acalarar que tal afirmación no se axusta, en absoluto, á realidade e por parte desta Secretaría Xeral, personalmente informouse ao representante de FCC AQUALIA S.A da situación creada pola declaración do estado de emerxencia.

Con relación á afirmación de que “solo la noche anterior al vencimiento de la presentación del recurso se incluyó en el orden del día un punto” referido a su desestimación, por absurda, no merece más comentario, independientemente de la intrascendencia de tal afirmación para la fundamentación del recurso que nos ocupa, ya que la resolución desestimatoria del recurso fue adoptada y notificada, en tiempo y forma.

4º.- Entrando xa no que se refíre ao fondo do asunto, a discusión xurídica versa sobre a interpretación do Prego de Condicións que rexiu a licitación e posterior adxudicación do contrato á mercantil FCC AQUALIA S.A. En concreto á Clausula 42 dos Pregos que rexiron a licitación.

Do contido de dita cláusula e da oferta relazada por FCC AQUALIA S.A, na fase de licitación do contrato, non cabe ningún xénero de dúbidas sobre a obrigatoriade de cumprimento pola citada mercantil, do acordo recorrido.

5º.- O Concello de Monforte de Lemos tramitou, de acordo con Prego del Cáusulas administrativas que rexiron a licitación e de acordo con diposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, o oportuno expediente administrativo que deu lugar ao acordo recurrido que, na súa totalide, e claro e conciso no referente as obrigas a cumprir pola adxudicataria FCC AQUALIA S.A.

6º.- A interpretación que fai o Concello de Monforte de Lemos das Cláusulas do contrato, axústase á literalidade do mesmo sen que sexa preciso facer outro tipo de interpretación que, en caquera caso, lle correspondería a administración municipal e non ao contratista.

7º.- A pretendida “buena fe” coa que FCC AQUALIA S.A dice actuar contradícese coa pretensión de executar o contrato cuxas obrigas, para ambas partes, están absolutamente identificadas na oferta e nos pregos e o que pretnde á contratista, coa súa negativa a facer as inversión que lle son esixibles, e obter un enriquecemento inxusto, que sería unha clara ventaxa en relación ao resto dos licitadores, ao presentar unha oferta na que asumía unhas obrigas, que deron lugar a adxudicación e que agora pretende evitar, vulnerando o principio de igualdade e transparencia que rixe a contratación administrativa.

8º.- Polo que se refíre a afirmación da recorrente de que “hay margen y voluntad por parte de mi representada para la ejecución de inversiones adicionales a las ejecutadas, si es que las mismas no cubren el total de su compromiso, hasta la finalización del contrato”, por unha banda pon de manifesto a carencia de argumentación fáctica e xurídica do recurso e, por outra, descoñece a imposibilidade de transacción que teñen as administracións públicas, xa que suporía un “mercadeo” na execución do contrato. A única vontade que pode existir é que FCC AQUALIA S.A cumpra coas obrigas do contrato xa que o seu incumprimento deu lugar a adopción do acordo recorrido, recurso tan manifestamente carente de base fáctica e xurídica.

9º.- A única realidade constatable unha vez examindos os antecedentes municipais, según informe emitido pola Enxenieira Técnica Municipal, e que:

As únicas obras acreditadas e coa conformidade municipal, por un importe de 734.276,46€, foron tomadas en conta pola Xunta de Goberno Local según consta nos arquivos municipais son as seguintes:

DATA	IMPORTE	CONCEPTO
04/04/2003	143.182,29	Aportación de fondos para a compra de terreos para parque acuático.
11/04/2011	139.000,00	Aportación para a mellora do saneamento da rúa Chantada.
17/12/2013	12.000,00	Aportación para obra de mellora de saneamento no Polígono.

SECRETARIA

03/09/2001	14.336,13	Substitución do centro de transformación da ETAP de Ribasaltas
03/09/2001	26.448,83	Automatización de bombas de auga na ETAP de Ribasaltas
07/02/2002	74.512,19	Mellora e posta en servizo da estación de bombeo ó depósito de O Cornado
14/07/2005	58.000,00	Extensión de rede en Fiolleda
01/09/2005	5.000,00	Extensión de rede en Fiolleda
01/07/2005	25.000,00	Extensión de rede Uxío Novoneyra
13/09/2006	173.472,35	Saneamento rúa San Pedro
22/03/2007	63.324,67	Renovación da rede de abastecemento na rúa Benito Viceto
TOTAL	734.276,46	

10º.- Igualmente, segundo consta na documentación obrante no expediente administrativo, resulta que as inversións a realizar, relacionadas na proposta económica presnetada na fase de licitación por FCC AQUALIA S.A. Esta mercantil comprometeuse a unha inversión que ascende a 400.316.010 Pts. (2.405.947,68 €).

O estudio económico da proposta de FCC AQUALIA S.A completábase coa elaboración do plan de inversións e a súa correspondente repercusión económica, cos importes que se indican no seguinte cadro e a elaborar durante os tres primeiros anos da concesión.

INVERSIÓNS COMPROMETIDAS NA OFERTA (SOBRE B TOMO VI)

EPÍGRAFE	CONCEPTO	PESETAS	EUROS
h1	ADECUACIÓN TÉCNICA DA ETAP	63.027.597	378.803,49
h1	EXECUCIÓN DE AULA DA NATUREZA	19.629.288	117.974,40
h2	MELLORA EN DEPÓSITOS DE SAN VICENTE	4.317.891	25.951,05
h3	EXECUCIÓN DE FONTES CIBERNÉTICAS MODULARES	48.082.627	288.982,41
h4	EXECUCIÓN DUN PARQUE ACUÁTICO	265.258.607	1.594.236,34
h5	OUTRAS MELLORAS QUE FAVOREZAN A PRESTACIÓN DO SERVIZO	****	NON VALORADAS
		400.316.010	2.405.947,68
PLAN DE INVERSIÓNS (SOBRE C)		400.316.010	2.405.947,68
	DISTRIBUCIÓN POR ANOS	PESETAS	EUROS
	ANO 2001	144.942.000	871.118,96
	ANO 2002	138.040.000	829.637,11
	ANO 2003	117.334.000	705.191,54
	TOTAL	400.316.000	2.405.947,62

Polo exposto resulta que de todos os investimentos que se levaron a cabo por FCC AQUALIA S.A, só os tres seguintes cumpren os requisitos de corresponderse co previsto na oferta e ter sido realizados nos tres anos iniciais do contrato:

DATA	IMPORTE	CONCEPTO
04/04/2003	143.182,29	Aportación de fondos para a compra de terreos para parque acuático.
03/09/2001	14.336,13	Substitución do centro de transformación da ETAP de Ribasaltas
03/09/2001	26.448,83	Automatización de bombas de auga na ETAP de Ribasaltas
total	183.967,25	

SECRETARIA

11º.- *Por outra banda os tribunais de xustiza xa tiveron ocasión de pronunciarse en un asunto similar ao que nos ocupa. Así o Xuzgado do Contencioso administrativo nº2 de Lugo, en sentenza 47/2020 , dictada con data 20 de marzo de 2020, sobre a reclamación do Concello de Monforte a FCC AQUALIA S.A como obrigada a realizar determinadas obras en rúas de Monforte con base nas obrigas derivadas do contrato, pon de manifesto que “partimos de que nos encontramos ante un contrato de concesión administrativa cuya finalidade es la prestación d euns erviceio público esencial como es el suministro y abastecimiento de agua , asi como el saneamiento por lo que la actividad de la administración está guiada por el interés público y la correcta prestación de este servicio público esenencial la cual ha de presidir la interpretación de las propias cláusulas contractuales que obran en el Pliego de Condiciones de la contratació , guiadas por dicho fin” y continúa “la administración actúa sin ánimo de lucro , al margen del interés privado y particular, legítimo con el que actúa la concesionaria del servicio”.*

“En el presente caso partimos de la claridad del Pliego de condiciones” (el mismo que en el caso que nos ocupa).

12º.- *En relación coa solicitude de suspensión cautelar da executividade do acordo, é preciso manifestar que non se dan os supostos recollidos no artigo 117 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, que dispón que que:*

“La interposición de cualquier recurso, excepto en los casos en que una disposición establezca lo contrario, no suspenderá la ejecución del acto impugnado.

No obstante lo dispuesto en el apartado anterior, el órgano a quien compete resolver el recurso, previa ponderación, suficientemente razonada, entre el perjuicio que causaría al interés público o a terceros la suspensión y el ocasionado al recurrente como consecuencia de la eficacia inmediata del acto recurrido, podrá suspender, de oficio o a solicitud del recurrente, la ejecución del acto impugnado cuando concurran alguna de las siguientes circunstancias:

- a) Que la ejecución pudiera causar perjuicios de imposible o difícil reparación.*
- b) Que la impugnación se fundamente en alguna de las causas de nulidad de pleno derecho previstas en el artículo 47.1 de esta Ley.*

La justificación que se realiza pola recorrinte faise, única exclusivamente, a efectos formais pero en ningún momento quedan acreditados, nin a existencia de danos e perxuízo de difícil ou imposible reparación, que se deriven pola execución por parte de FCC AQUALIA S.A do acto recorrido, nin se dan as causas de nulidade recollidas no art. 47 da citada Lei 39/2015.

Con base no exposto PROPOÑO que polo Pleno se adopten os seguintes seguintes acordos:

1º.- *Destimar o recurso de reposición interposto, con data 30 de xuño de 2020, por CARLOS ÁLVAREZ DE GABRIEL, actuando en nome e representación da Entidade FCC FCC AQUALIA S.A, concesionaria da xestión integral do servizo municipal de abastecemento de auga e saneamento de Monforte de Lemos, interposto contra o acordo do pleno do Concello de Monforte de Lemos, adoptado na sesión celebrada con data 24 de febrero de 2020.*

2º.- *Denegar a solicitude de de suspensión cautelar da executividade de acordo realizada ao amparo do art. 117 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, ao non darse os requisitos esixidos no no citado texto legal."*

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sánchez sinalando que van votar a favor da desestimación desta proposta. É un insulto a esta Corporación ese recurso de Aqualia. Porque aquí o que se lle estaba reclamando á empresa era parte das obras do contrato o que fan é un remexido de obras de cousas que se fixeron, é un insulto aos membros desta Corporación e se non está de acordo ten que ir ao Xulgado é perdeu. Di que aquí deben estar todos a unha, aquí hai unha serie de cousas que estaban no contrato, feito á medida. Cando falan, incluso falan dos tempos, tiveron 17 anos para facer as cousas.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que concorda con D. Emilio no fondo absolutamente, porque non sabe se é un insulto á Corporación ou se insultan a sí mesmos, porque a alegación que presentan quedaban mellor non presentandoa. Evidentemente as obras que presentan son obras de mantemento, se seguirá falando de Aqualia, pero bastante menos, agora ou invirte ou recorre. O tempo de falar rematou, se prantexan contencioso un xuíz decidirá se temos ou teñen razón eles, falar vaise falar moito menos.

Sometido o asunto a votación apróbase por maioría a proposta da alcaldía con catorce votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, D. Emilio José Sánchez Iglesias (BNG-Grupo Mixto) e dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular e unha abstención do concelleiro D. Jaime Germán Vázquez Pérez (Grupo Mixto-Esperta Monforte!).

7º.-MOCIÓN DO BNG PARA SOLICITAR Á CONSELLERÍA DE SANIDADE E AO GOBERNO DA XUNTA OS DATOS DOS CONTAXIOS POR MUNICIPIO CO FIN DE COÑECER A EVOLUCIÓN MUNICIPAL E PROCEDER A ADOPTAR MEDIDAS EN BASE A ESTES.

O ditame é favorable á moción, cun voto a favor de D. Emilio José Sánchez Iglesias (BNG) Grupo Mixto, e sete abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal socialista e dos concelleiros/as do grupo municipal do PP e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:

"Que o Concello de Monforte solicite ás autoridades sanitarias competentes, un desglose dos contaxios por municipio e rangos de idade, datos dos que dispón o Sergas e non incumpren a LOPD".

De seguido prodúcense as seguintes intervencións:

Intervén D. Emilio José Sánchez Iglesias dando lectura á súa moción. Di que o queneren que esta iniciativa estaba rexistrada polo pasado Pleno, segue estando en vigor, di que cre que non se están pasando ao Concello os datos. Ten coñecemento que na Mariña se estaban dando datos. Di que fai un mes para aquí a realidade é a que é. Cren que queneren a transparencia dende a Consellería de Sanidade, o que fan sería tranquilizar e saber a que aterse.

Intervén D. Jaime Germán Vázquez dicindo que está de acordo coas manifestacións de D. Emilio e solicita que o Concello promova ao Consello municipal de Saúde.

Intervén D^a Katherinie Varela dicindo que lle parece correctísimo que, entre todos intentar que o virus non se espanda. Fala da idea dun protocolo, fala do Consello Municipal de Saúde. O que vostede di segundo eles entenden, si é verdade se facilita de forma xenérica por área sanitaria. Sinala que sí que hai contacto cos Concellos, fala do Concello do Saviña. Di que si que lles informan cando hai un brote. Dille ao Sr. Alcalde que teña comunicación co xerente do hospital. Sinala que non van votar en contra desta moción, pero consideran que o piden si se está facendo, pero hai comunicación entre a Consellería de Sanidade e os Concellos.

Intervén D^a Pilar Espinosa Novelle dicindo que dende o seu grupo van apoiar esta moción en aras da transparencia, e máis para tomar a decisión agora coa cantidade de brotes activos que hai. Si que é verdade que os centros de saúde e o hospital dispoñen de datos de contaxio, pero ao Concello en ningún momento se lle comunicou ningunha estadística, cren que dende a Xunta non deben esperar que haxa un brote para comunicar. Principalmente, saben que as medidas máis eficaces son o distanciamento social e o reparto de mascarillas. Fala do reparto das mascarillas aos nenos que se iniciará co curso escolar.

Intervén D. Emilio José Sánchez dicíndolle a D^a Katherinie que nos dean datos reais, se en Monforte non hai casos de Covid-19 que mande a información. Di que non é tan complicado pasar a cada Concello coas incidencias, e o Concello a fai pública na páxina web para que a xente sepa o que hai. Di que o único que se pide é que a xente sepa a qué aterse, á xente ás veces hai que explicarlle as cousas, é moi sinxelo

Intervén D^a Katherinie Varela dicindo que este fin de semana o alcalde do Saviña ten datos do que pasa no seu Concello, o que hai que é que pedirle ao xerente do hospital os datos. Vostede mete en medio ao PP, a Feijoo e ao conselleiro, o que pasa é que antes das eleccións importaban moito os rebrotes e agora non importan. Será que vostede non mira as noticias, será que non está tan pendente do Partido Popular, o que sí é importante é que ten que haber unha información e conexión coas autoridades.

Intervén D. Emilio José Sánchez dicindo que o Concello é unha entidade local e ten que dirixirse á Xunta e a Consellería de Sanidade e será o xerente ou encargado para que lle pase a información. O xerente do hospital de Monforte é un mandado e fai o que lle mandan, esta é a realidade. Ata o día de hoxe aconsellan que non se xunten máis de 25 personas nun evento. Di que eles piden ao Sergas que fagan iso aos Concellos da comarca. Anticiparnos na medida do posible, saber se temos que pechar un parque, é iso se sabe se se teñen os datos. Agradece o voto a favor.

Intervén o Sr. Alcalde en relación coa Mariña ao principio non lle daban os datos, ata que conxuntamente protestaron todos os Concellos e ao final decidiron darllos. Di que dende logo non se puxeron en contacto coa Alcaldía, di que cre que deberían poñerse en contacto cos Concellos. Manifesta que mañá a tenente de alcalde poñerase en contacto co xerente do hospital solicitando os datos. Di que quere felicitar ao Partido Popular polos seus resultados, a democracia é así. Cando estaba vixente era curioso que cada medida que anunciaba o goberno saía o Sr. Feijoo a matizala, saúlle ben é verdade. Unha cousa son cuestións de salubridade pero de saúde pública, os Concellos non teñen competencia, estamos falando dunha enfermidade de personas e efectivamente dende que devolveron as competencias ás autonomías xa non sae matizando. Fala das residencias que eran claramente das comunidades autónomas e chegouse a dicir que Pedro Sánchez “estaba matando aos ancianos” pero as competencias son das autonomías, é un pouco forte. Espera que a verdade prevaleza e de cara ao futuro a xente o teña máis claro.

Sometido o asunto a votación apróbbase por maioría con trece votos a favor dos concelleiros/as do Grupo Municipal Socialista, dos concelleiros/as do Grupo Mixto e dúas abstencións dos concelleiros/as do Grupo Municipal do Partido Popular .

8º.-MOCIÓN DO PARTIDO POPULAR SOBRE CREACIÓN DUN APARCADOIRO NO CENTRO DA CIDADE.

O ditame é favorable á moción, con dous votos a favor dos concelleiros/as do grupo municipal do PP e seis abstencións dos concelleiros/as do grupo municipal socialista e de D. Emilio José Sánchez Iglesias (BNG) Grupo Mixto, e que se someta a decisión plenaria.

Transcríbese o acordo que figura na moción:

“Que parte dos cartos que se están destinado a investimentos se destinen en primeiro lugar e por diante da construción de calquera ponte , na creación de máis prazas de aparcadoiro no centro da cidade para así pontenciar a nosa actividade comercial e económica ”.

Intervén D^a Katherinie Varela solicitando aplazar esta moción para o Pleno de setembro, deixándoa riba da mesa para o seguinte pleno.

PARTE DE CONTROL DA XESTIÓN

9º.-INFORMACIÓN ESPECÍFICA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA (de datas 25.06.2020, 03.07.2020 e 10.07.2020) QUE LEVANTAN REPAROS DE INTERVENCIÓN (art. 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais).

A efectos de cumprir co disposto polo artigo 218 da Lei Reguladora das Facendas Locais, segundo redacción dada polo artigo Segundo.Tres da Lei 27/2013, de 27 de decembro, dáse conta especificamente das Resolucións que foron adoptadas con reparo e dos informes de Intervención que os recollen.

10º.-DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE CONTROL INTERNO 2019.

A efectos de cumprir co disposto polos artigos 37 e 38 d Real Decreto 424/2027 de 28 de abril, dáse conta do informe-resumo do control interno durante o ano 2019.

11º.-ROGOS E PREGUNTAS.

.-Pregunta do BNG RE 15925 DE 24.07.2020 relativa ao Mercado Dominical

-Cales son os plans do equipo de goberno a respecto da continuidade ou non deste mercado , no curto, medio e longo prazo. Un peche indefinido, ou teñen pensado unha ordenanza e unha próxima reapertura, neste ou noutro emprazamento?

Resposta o Sr. Alcalde dicíndolle que non se pechou o mercadillo, o peche foi derivado do Real Decreto da pandemia o que non se fixo foi non reabrilo. Por outra banda, dicir que ese mercadillo como vostede sabe naceu como naceu, non se regulou cando se tiña que regular, e agora estaba nunhas circunstancias nas que non se daban as condicións para reabrilo.

.-Pregunta do PP RE 15958 DE 24.07.2020

.-Cales son os pasos legais e administrativos que se van levar a cabo para comenar a construción da Nova Ponte no Malecón?

Resposta o Sr. Alcalde dicíndolle a D^a Katy que neste tema equivocouse facendo algunha chamada que non era na liña de axudar, cre que foi un erro. Ata agora so levase realizado o concurso de ideas, aínda non se realizou o conrato para que a

empresas gañadora realice o proxecto. Neste mandato teñamos unha infraestrutura fundamental para Monforte.

.-Por qué non se leva a cabo a regulación da venta ambulante que se aprobou no pleno do pasado mes de novembro en vez de pechar de forma definitiva o mercado do Parque dos Condes?

Resposta o Sr. Alcalde que xa contestou o que preguntou a través de D. Emilio. Se vostede repasa as actas verá que é unha declaración política, que o equipo de goberno abstívose. Son declaracións políticas e non teñen ningunha obriga doutro tipo.

.-Rogo do BNG RE 15926 DE 24.07.2020 relativo as deficiencias no subministro de auga na parte alta da estrada das Nocedas.

Resposta o Sr. Alcalde di que toma nota do seu rogo. Di que é competencia de Aqualia terían que poñerse de acordo cos veciños e levar a cabo esa obra, tal como está no contrato. Cando se puxo a auga na parroquia das Nocedas e na Penela, os veciños que están por detrás da Escola de Capacitación Agraria xa tiñan a auga, por unha tubería diferente, e no momento que a puxeron puxeron esa sección, di que non todas as edificacións que hai non contan con licenza municipal. Os veciños deberían dirixirse a Aqualia.

.-Rogo do PP RE 15958 de 24.07.2020 relativo á limpeza dos regatos que transitan por Monforte

Resposta o Sr. Alcalde que un tema que xa deu moitísimas veces. Sinala que as zonas urbanizadas é o Concello o que debe limpar e nas zonas non urbanizadas as confederacións hidrográficas ás que deben limpar, trasladaremos isto á Confederación para que procedan a limpar. O regato do río Cabe zona urbanizada aí xa se viña limpando polo Concello, pero agora o limpou a Deputación Provincial de Lugo a través da empresa TRAGSA porque cando se asinou un convenio entre a Deputación de Lugo, o Concello e a Confederación Hidrográfica do Norte, entre o que estipulaba ese convenio sería a deputación de Lugo a que fixeran o mantemento cando se remataran as obras, é curioso que ninguén cumprira ese convenio. Di que el cando viu ese convenio na Deputación, se noutros casos o está a facer a Deputación de Lugo en Monforte tamén.

.-Pregunta "in voce" de D. Jaime Germán Vázquez Pérez relativa protocolo de ensinanza referente ao COVID-19. Durante a xornada lectiva unha persoa do centro de limpeza realizará unha limpeza frecuente e nos aseos de tres veces

ó día. E consciente o Concello de Monforte destas novas necesidades de limpeza dos centros educativos, vanse poder cumprir

Resposta o Sr. Alcalde que eles van ter que cumprir iso vai suponer un gasto para os Concellos. Pero mentres non se cambia, as empresas que están facendo a limpeza acordar con eles ese servizo e vai levar un custe maior.

.-Rogo de D. Jaime Germán Vázquez Pérez relativo á reactivación do Consello Municipal de Saúde.-

Resposta o Sr. Alcalde que o Consello Municipal de Saúde está reactivado segundo o seu regulamento terán unha reunión ordinario ao ano e se solicitan unha reunión extraordinario a metade dos membros máis un pódese convocar reunión extraordinaria.

Intervén D. Emilio José Sánchez solicitando na medida do posible tal como se facía anteriormente se pasen as preguntas e rogos dos partidos.

Resposta o Sr. Alcalde que non hai ningún problema en pasarlle as preguntas se se presentan a tempo.

Non habendo máis asuntos a tratar, o Sr.Alcalde-Presidente levanta a sesión sendo as dez horas e vinte e nove minutos do mesmo día, de todo o cal, como Secretario, certifico.

Vº e pr.
O Alcalde,